



## FAQS – Convocatoria Bonos de Innovación para Pemes -IN848F

**Data: 16/06/22**

- Modalidade de Bono da Liña 2. Tipo A.

Pódense incluír servizos de consultoría asociados a obtención de bonificacións fiscais do persoal investigador?

Non, non se inclúen nesta convocatoria os custes asociados aos servizos de consultoría para a obtención de bonificacións fiscais do persoal investigador (informe motivado vinculante tipo D). O concepto que serían subvencionables na liña 2 Tipo B son só as deducións fiscais por I+D+i, non ás bonificacións. En todo caso, referírense a "proxectos de I+D+i" e no caso de informe motivado vinculante do tipo A.

- Modalidade de Bono da Liña 2. Tipo A:

Pódense incluír servizos de consultoría e certificación de proxectos de I+D+i asociados á obtención de deducións fiscais?

Sí, admítense nas actividades de obtención de deducións fiscais por I+D+i, os gastos da entidade certificadora así como os dos servizos de consultoría, se é o caso.

-Modalidade de Bono da Liña 2. Tipo B:

Pódense incluír os servizos de consultoría para a presentación de convocatorias de subvencións para proxectos de I+D+i en colaboración, sen que sexa a empresa líder?

Sí, cando a axuda solicitada sexa para convocatorias de subvencións para proxectos en colaboración, poderán beneficiarse da axuda **ata 2 pemes por consorcio**, sen que sexa necesario que ningunha delas sexa a empresa líder.

-Quería consultar se un autónomo é o mesmo que unha microempresa de cara a solicitude de axudas, por exemplo os bonos de innovación .

Si porque cumpre as condicións de Peme segundo o Regulamento 651/2014 da UE e polo tanto pode ser solicitante de esta convocatoria.



-Somos unha mediana empresa. Creo que por ese motivo non temos a opción de solicitar servizos da liña 1, Servizos de Apoio a Innovación

Efectivamente na liña 1. Servizos de Apoio a Innovación, da Convocatoria de Bonos de Innovación, soamente poden solicitar as micropemes e Pequenas empresas.

-Un autónomo pode solicitar os Bonos de Innovación

Poderán ser beneficiarias desta axuda as microempresas, pequenas e medianas empresas, conforme as definicións contidas no artigo 2 da convocatoria,. Os autónomos entrarían dentro da definición de empresa do mencionado artigo 2, e polo tanto serían elixibles.

-Gustaríame facer unha consulta. En relación a axudas bono de innovación, na súa Línea 2, B, para axudas de consultoría para a preparación de proxecto de I+D+i competitivos. É posible solicitar esta axuda neste ano 2022, para que unha consultora axúdeme a preparar unha Neotec do ano 2023 (Febreiro), pechando o contrato antes do 21 outubro como di a convocatoria, xa que nos gustaría empezar a traballar na preparación da mesma en setembro de 2022.

Non , a axuda para a consultoría ten que estar dirixida a unha convocatoria que poida acreditarse a presentación da solicitude da mesma no período de xustificación .

-Para a liña1...¿É posible contratar a expertos independentes, "conselleiros" de contrastada traxectoria, "advisor" expertos en innovación... que facturen como autónomos? Cumprirían a condición recollida no artigo 8 da convocatoria e facturarían como autónomos coa debida retención.

Si se pode sempre que se presente factura polos servizos

-Liña 1: Apoio á innovación (Axudas entre 21.000 ? e 35.000 ?)

Dentro das mesma, indícase que non é subvencionable: Accións de dixitalización na empresa como melloras de aplicacións ou software xa existente ou a súa adaptación, os desenvolvementos ofimáticos (ERP, CRM, páxinas web, plataformas de comercio electrónico, xestións de redes, clientes, intelixencia e análise de negocios), sistemas de



intelixencia artificial, aprendizaxe automática e toma de decisións autónomas, interconexión de elementos físicos e virtuais, tratamento de datos captados (intelixencia de negocio, Big Data e similares), ciberseguridade e ferramentas de oficina virtual, financeiros ou contables e calquera outra aplicación asimilable ás anteditas.?

A nosa pregunta é: atópase incluída a asesoría para a implantación de software de Big Data e xemelgo dixital que son novos para a empresa?

Non esas tecnoloxías están excluídas e existen outras liñas de apoio na Xunta de Galicia para a implantación das mesmas